



CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E A ASOCIACION CLÚSTER ALIMENTARIO DE GALICIA (CLUSAGA) PARA A POSTA EN MARCHA DUNHA OFICINA TÉCNICA XESTORA DOS PROXECTOS INTEGRADOS NO PROGRAMA DENOMINADO: *NEXT GENERATION GALICIA FOOD*

REUNIDOS

Dunha parte, D. Juan José De la Cerda López, na súa calidade de presidente da Asociación Clúster Alimentario de Galicia (en diante Clusaga), elixido presidente da Asociación o pasado 30/06/2021 e facultado para este acto en virtude do artigo 16 dos estatutos da Asociación.

Doutra parte, D. Fernando Guldrís Iglesias, en representación do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, Igape), con CIF Q-6550010-J, e domicilio no Complexo Administrativo de San Lázaro, s/n, 15707, en Santiago de Compostela (A Coruña), na súa calidade de director xeral. Está facultado para este acto en virtude da delegación de facultades do 23 de decembro de 2016 do presidente do Igape feita pública mediante Resolución do 25 de xaneiro de 2017 (DOG nº 23, do 2 de febreiro de 2017).

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

EXPOÑEN

- I. Que o IGAPE e CLUSAGA, entre os seus principais obxectivos teñen; fomentar a creación de novas empresas, promover a mellora da produtividade e competitividade das sociedades xa asentadas na Comunidade Autónoma, atraer investimentos foráneos e facilitar a internacionalización do tecido produtivo, no caso de CLUSAGA, no sector da alimentación e a súa cadea produtiva coincidindo ambas entidades en recoñecer a este sector como estratéxico

Neste sentido, o papel do Igape na mellora da competitividade e produtividade das empresas, ten varios eixos de actuación, dentro da Axenda de Competitividade Galicia Industria 4.0, para promover a Industria 4.0. especialmente nos sectores estratéxicos como o da Alimentación galega.

- II. Que o Igape ten como obxectivo contribuír activamente ao fortalecemento do tecido industrial galego, apoiando todas as actividades que contribúan a mellorar o sistema produtivo baixo a prisma da Axenda de Competitividade Galicia Industria 4.0, facilitando os procesos de creación, consolidación e crecemento empresarial, para o que promoverá as actuacións coordinadas en colaboración coas entidades representativas do tecido empresarial en territorios onde conflúen sectores estratéxicos e especial necesidade de impulso que contribúa ao reequilibrio territorial.
- III. Para desenvolver as diferentes liñas de actuación, o Igape debe contar, en todo caso, cos colaboradores que considere que poden achegar un valor excepcional á posta en marcha das accións. Con carácter xeral, a busca dos colaboradores axeitados poderase facer mediante convocatoria pública ou ben por singularidade e unicidade dalgunha institución ou organización para un determinado obxectivo.
- IV. Que CLUSAGA é unha asociación empresarial sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, que representa ao sector alimentario de Galicia. O obxectivo central de CLUSAGA, tal como recollen os seus Estatutos, consiste en "contribuír ao fortalecemento, potenciación, crecemento sostible e mellora da competitividade e da



internacionalización do sector alimentario, en xeral, de Galicia, como un dos sectores estratéxicos mais importantes do país". Este obxecto desenvolverase mediante a promoción da investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación. Actualmente Clusaga agrupa ó 65,17% da cifra de negocios da industria alimentaria de Galicia, de xeito directo e ao 85,59 % no caso de empresas vinculadas.

A visión de Clusaga é artellar nunha estrutura organizada do sector alimentario galego, en sentido amplo, empresas, entidades de investigación e innovación e outras organizacións, integrándoos en procesos de cooperación. Deste xeito ao desenvolver unha visión e aplicala, o Clúster Alimentario de Galicia, agrupando os recursos e as competencias dos principais axentes da cadea de valor dos alimentos e bebidas, traballando nun obxectivo común de xeito máis efectivo, segundo un plan estratéxico, e establecendo as bases de accións conxuntas, aproveitando o alto potencial do sector, poderá acadar un crecemento significativo de xeito sustentable.

- V. A posta en marcha pola Unión Europea dos Fondos de Recuperación e resiliencia, *Next Generation EU (NGEU)*, anima aos estados e ás rexións europeas a posicionarse e xerar os mellores proxectos estratéxicos para a súa contorna empresarial e, neste sentido, o sector de alimentación galego ven traballando nun gran proxecto integrado e integrador do sector cara a asegurar o seu presente e o futuro da industria da alimentación en Galicia.
- VI. Globalmente, o Sector Alimentario de Galicia (SAG) xeraba en 2018 un Valor Engadido Bruto duns 4.070 millóns de euros, o 7,2% do PIB, e 103 mil postos de traballo, o 9,2% do emprego total, centrado na produción agraria e pesqueira, pero cun peso limitado da industria transformadora que aínda ten potencial de desenvolvemento e incremento do valor engadido. Destaca asemade o predominio no tecido sectorial das Pemes e a súa dispersión que se traduce coma elemento chave de vertebración territorial de Galicia.
- VII. A incerteza do contexto actual e as consecuencias dunha crise sanitaria e económica a nivel global require acelerar a transformación da industria galega de alimentación e bebidas, mantendo o emprego, e saíndo reforzada deste novo escenario co gallo de transformarse cara a unha cadea de valor dixital, verde e resiliente, quen de adaptarse rápido aos cambios rupturistas.
- VIII. Consciente do momento actual, Clusaga, deseñou o Programa *Next Generation Galicia Food: Programa do Sector de Alimentación de Galicia*, documento estratéxico para articular as apostas do sector da alimentación e das bebidas acorde aos postulados anticipados e coñecidos dos Fondos Next Generation EU. O reto do programa é transformar o tecido empresarial do sector mediante unha transición tecnolóxica, dixital e ecolóxica baseada na innovación e o desenvolvemento de procesos de fabricación e produtos saudables, innovadores e sostibles que redunde nunha industria xeradora de emprego de calidade, servindo de mecanismo de ancoraxe duradeira no territorio.

De acordo con esta planificación xeral, identificáronse tres áreas ou bloques que reflicten os aspectos máis importantes do desenvolvemento futuro da industria alimentaria en todos os seus procesos: competitividade, sustentabilidade e trazabilidade e seguridade alimentaria.

Bloque 1: competitividade En relación ás accións que se levarán a cabo nesta área, identificouse o progreso nas accións de dixitalización como a principal medida para contribuír ao obxectivo xeral de transformación dixital das empresas establecido no Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Bloque 2: sustentabilidade e economía circular Enténdese que este bloque é fundamental como un dos aspectos clave na transformación da industria alimentaria, tendo en conta tamén que a transición verde é un dos eixos fundamentais definidos no plan de recuperación, transformación e resiliencia.



Bloque 3: trazabilidade e seguridade dos alimentos engloba accións que comprenden toda a cadea de valor do produto, xa que debe garantirse a partir da obtención da materia prima no sector primario (agricultura, gandería, pesca) ata o momento da distribución.

Unha vez establecidos ese tres bloques, transversais a todos os procesos do sector e sobre os que deberán deseñarse os proxectos propostos, identificáronse coma actividades fundamentais:

- Fabricación de produtos da industria alimentaria e das bebidas.
- Conservación de produtos para o seu mantemento en condicións óptimas.
- Envasado de produtos da industria alimentaria para a súa adecuada distribución.

Adicionalmente, considéranse de interese os seguintes axentes complementarios:

- Axentes "augas arriba": produción primaria (agricultura, pesca, gandería e acuicultura);
- Axentes "augas abaixo" da industria alimentaria: proxectos de loxística externa e distribución (mesmo distribución retail e canle HORECA).

Ademais, con obxecto de impulsar o carácter colaborativo, priorizaranse proxectos nos que exista unha cooperación efectiva entre os axentes participantes.

Tendo en conta estas consideracións, o IGAPE e CLUSAGA comparten o interese no posicionamento do proxecto *Next Generation Galicia Food*, como proxecto de arrastre do sector no seu conxunto e polo tanto, concordan na necesidade de apoiarse nunha oficina técnica que desenvolva unha labor de captación de empresas e formulación de solicitudes nos diferentes programas europeos, estatais e rexionais de cara a maximizar as posibilidades de éxito do proxecto integrado, aproveitando ao máximo os diferentes instrumentos e recursos que as administracións vaian dispoñendo.

Por todo iso IGAPE e CLUSAGA están interesados en colaborar para a consecución dos obxectivos do proxecto *Next Generation Galicia Food* e, para o efecto, de dotarse dunha oficina técnica subscriben o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

Constitúe o obxecto do presente convenio a colaboración entre as partes cara a consecución dos obxectivos comúns de CLUSAGA e o IGAPE no desenvolvemento optimizado do proxecto denominado *NEXT GENERATION GALICIA FOOD*, mediante a incorporación dunha Oficina Técnica que traballe para aproveitar do mellor xeito as convocatorias futuras, co gallo de fornecer os piares fundamentais da mellora da produtividade, a competitividade e a internacionalización do sector de alimentación. A dotación desta oficina permitirá a captación e posta en marcha de diferentes proxectos, coa participación do máximo número posible de pemes e grandes empresas do sector, e proverá tamén o necesario soporte e seguimento dos procesos.

SEGUNDA.- XUSTIFICACIÓN DA UTILIZACIÓN DA FIGURA DO CONVENIO

Motívase a utilización da figura do convenio dada a especificidade e as características que se dan na entidade CLUSAGA, ideadora do proxecto *NEXT GENERATION GALICIA FOOD*, na súa actividade de desenvolvemento do sector da alimentación e as bebidas galego, e na súa representatividade sectorial.

Esa especificidade singular e incomparable, xunto coa experiencia, preparación especializada e os propios medios da entidade, implican vantaxes e sinerxías así como a axeitada dinámica e axilidade para o Igape ao manter unha relación colaborativa fluída, eficiente e sinérxica cun só actor.



Por outra banda, mediante este convenio o Igape non encomenda unha xestión de servizos a CLUSAGA senón que expón un marco de colaboración no que une as dúas experiencias e eidos de competencias de cadaquén para conseguir un fin común como é a contratación da mellor Oficina Técnica posible, cara a detección e proposta de proxectos que contribúan á mellora da produtividade, e a competitividade dixital, verde e resiliente das pequenas e medianas empresas do sector alimentario, especialmente no eido da Industria do futuro 4.0.

Esta é a canle axeitada, rigorosa e segura a través da colaboración leal e profesional entre os asinantes.

TERCEIRA: ACTUACIÓNS CONXUNTAS DO CONVENIO

O financiamento de proxectos no marco dos fondos do *Next Generation EU* articularase a través de diferentes instrumentos a nivel nacional que serán de carácter competitivo. É necesario asegurar o máximo rigor técnico na identificación e presentación de proxectos para asegurar os mellores cocientes de captación de financiamento así como unha adecuada xestión técnica e administrativa dos proxectos en prazo e forma.

Para dar resposta a esta necesidade xurde a idea dunha **Oficina Técnica de Apoio ao Programa Next Generation Galicia Food**, que ten coma obxectivo final impulsar a recuperación e a transformación do sector en Galicia a través da mobilización de proxectos tanto no marco dos fondos Next Generation como en calesquera outras convocatorias de carácter nacional ou europeo de interese para o sector.

A oficina ofrecerá todo o coñecemento e capacidades para a promoción, o desenvolvemento e xestión de proxectos aliñados cos eixes do Plan de Recuperación Europeo e as pancas tractoras do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia (PRTR) a nivel estatal e rexional, e específicas como os futuros Proxectos estratéxicos para a recuperación e transformación económica PERTEs. As actividades da oficina serán:

- Vixilancia e difusión. Observatorio sobre os programas do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e outras convocatorias nacionais e europeas no período, con identificación do seu interese sectorial e confirmación, no seu caso, de axentes do sector
- Soporte no posicionamento individual e sectorial no borrador dos diferentes programas operativos ante as diferentes administracións e no sector.
- Identificación de oportunidades e definición de proxectos tractores e singulares compatibles cos diferentes programas e liñas, así como identificación dos axentes chave que contribúan ao liderado das iniciativas singulares.
- Asistencia e soporte ás empresas e entidades na preparación, tramitación e presentación de propostas proxectos de interese, na concorrncia ás correspondentes convocatorias e instrumentos de implementación do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Apoio na tramitación técnica e administrativa das propostas presentadas definidas coma estratéxicas para impulsar proxectos aliñados co Programa Next Generation Galicia Food.
- Seguimento e avaliación do programa, baseado nos proxectos desenvolvidos.

O IGAPE e CLUSAGA conxuntamente abordarán a selección e contratación desta oficina técnica e farán o seguimento e supervisión das tarefas encomendadas, avaliando en todo momento o cumprimento de obxectivos e validando os resultados.

CUARTA.- GASTOS ATENDIBLES

Con carácter xeral considéranse gastos atendibles aos efectos do convenio, aqueles que de xeito indubitado responden á natureza das actividades e fins do convenio.

Requisitos dos gastos con cargo ao convenio:



1. Os gastos deberán ser realizados e efectivamente pagados dentro do ámbito temporal do propio convenio e, polo tanto, no que atinxe unicamente a actuacións realizadas a partir da data da sinatura do convenio e ata a data do 15 de novembro de 2022, data límite tamén de presentación da xustificación ante o IGAPE.

2. O importe do IVE (Imposto sobre o Valor Engadido) non se considerará gasto xustificable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación.

Nembargantes o anterior, o IVE vinculado aos gastos elixibles, terá tamén a consideración de gasto elixible se a entidade acredita a súa exención expresa mediante certificación ao respecto da AEAT ou que tendo pagado o IVE, este non é susceptible de recuperación ou compensación ningunha por parte da entidade. Esta acreditación farase mediante certificación de situación censual expedida pola AEAT, na cal se poña de manifesto que a entidade non realiza declaracións, liquidacións ou autoliquidacións deste imposto, acompañada de certificación da AEAT de que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias. Ambas certificacións a data de peche da correspondente certificación de gastos. Unha vez pechado o exercicio poderáselle requirir certificación da AEAT que acredite que non presentou a Declaración Anual do Imposto sobre o Valor Engadido.

3. Todos os gastos externos iguais ou superiores aos 3.000 € deben ser sometidos a aprobación da Comisión de Seguimento antes da súa contratación.

4. Será obrigatorio solicitar tres ofertas para todos aqueles gastos externos superiores a 15.000 € + IVE e xustificar a selección do provedor en caso de non ser o máis económico.

5. Os gastos nos que incorra CLUSAGA serán compatibles con outras cantidades públicas ou privadas que puidese recibir, que deberán ser declaradas nas liquidacións do convenio, e decrementarán o importe total a chegar polos asinantes na mesma porcentaxe que achegan ao convenio. En ningún caso a contribución do Igape aos fins do convenio superará o 90% do gasto incorrido atendible, unha vez detraídas as devanditas cantidades.

6. Os gastos externos xustificadas por CLUSAGA serán os gastos de contratación da oficina técnica e de publicidade e difusión

7. Admítense gastos de xestión equivalentes ao 25% do gasto correctamente xustificado.

8. O Igape farase cargo dun máximo dun 90% dos gastos totais atendibles, correspondendo o 10% restante á achega de CLUSAGA.

9. Os gastos clasificaranse en:

- a) Gastos de contratación de oficina técnica e pagos por traballos realizados. Os gastos asumidos dependerán na súa totalidade da consecución de obxectivos, sendo a remuneración asociada ao número de proxectos desenvolvidos e ao número de empresas galegas implicadas nos mesmos, así como aos entregables presentados.
- b) Gastos de contratación de comunicación e publicidade para o programa Next Generation Galicia Food.
- c) Gastos de xestión equivalentes ao 25% do gasto pagado á oficina técnica cos límites establecidos na táboa incluída no Anexo I

QUINTA.- COMPROMISOS DO IGAPE

Para a realización das actuacións obxecto do presente convenio o Igape contribuirá cun máximo de 187.875 € con cargo á partida orzamentaria: 06.A1-741A-6400 para os anos 2021 e 2022. O anexo I "Memoria Económica" detalla esta contribución.

Partida	2021	2022
06.A1-741A-6400	31.500 €	156.375 €



O Igape comprométese a colaborar e dar o visto e prace á contratación e aos traballos realizados a través da Comisión de Seguimento prevista na cláusula novena sobre as propostas realizadas por CLUSAGA.

No marco desta colaboración, o Igape difundirá o proxecto a través das canles que, estando ao seu alcance, considere oportunos.

SEXTA.- COMPROMISOS DE CLUSAGA

CLUSAGA comprométese a preparar as ofertas de contratación coa colaboración do IGAPE. O visto e prace aos procesos levarase a cabo a través da Comisión de Seguimento do convenio.

CLUSAGA será responsable primario da asignación, supervisión e control das tarefas a desenvolver pola oficina técnica informando en todo momento ao Igape quen compartirá a validación dos avances e propostas concretas a través da Comisión de Seguimento.

CLUSAGA aportará o 10% do custo total contemplado neste convenio.

SÉTIMA.- PAGAMENTO DA CONTRIBUCIÓN DO IGAPE

A contribución do Igape será aboada unha vez solicitado o pago mediante a presentación dunha certificación de gastos de CLUSAGA comprensivas dos gastos incorridos e a correspondente documentación xustificativa.

A dita certificación deberá presentarse antes do 15 de decembro de 2021 para os gastos do ano 2021 e ata o 15 de novembro de 2022 para os gastos do ano 2022, e farase vía electrónica, na oficina virtual do Igape na páxina <http://tramita.igape.es>, en particular a través do código de procedemento PE001, achegando as copias dixitalizadas da documentación que se relaciona a continuación:

1. Certificación do gasto, segundo o modelo do anexo II: certificación comprensiva da relación clasificada dos gastos externos presentados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pago e mediante a cal se solicita o pagamento.
2. Certificado asinado das persoas adicadas por parte de CLUSAGA ao convenio, co número de horas adicadas mes a mes de cada unha delas.
3. Memoria dos traballos realizados e detalle dos logros acadados:
 - ❖ Proxectos mobilizados.
 - ❖ Empresas participantes.
 - ❖ Financiamento acadado.
 - ❖ Avances e resultados dos proxectos en cada momento, cando corresponda.
4. Declaración responsable da titularidade da conta bancaria onde se debe realizar o pagamento, incluída no anexo II.
5. Declaración responsable da persoa que asina a solicitude, en representación do organismo, de que a documentación que se presenta en copias constitúen unha reprodución exacta dos orixinais, os cales lle poderán ser requiridos polo Igape, incluída no anexo II. Excepcionalmente, cando existan dúbidas derivadas da calidade da copia, o Igape poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas polo interesado para o cal se lle poderá requirir e exhibición do documento orixinal.
6. Certificacións expedidas polas respectivas Administracións Públicas, que acrediten que se está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, ou autorización para que o Igape realice estas consultas polos seus propios medios. De acordo coa cláusula 14 deste convenio, CLUSAGA autoriza a realización das mesmas.
7. Documentación xustificativa do pagamento do 100% do custo externo incorrido mediante facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no punto anterior e



- xustificante bancario do seu pagamento mediante transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.
8. Nóminas dos traballadores adicados correspondentes aos meses nos que se detalle a súa adicación horaria, segundo o apartado 2. Anterior.
 9. Declaración expresa de que as persoas ou entidades contratadas para as actividades obxecto da colaboración non teñen vinculación societaria empresarial co organismo que realiza a contratación.
 10. Para a consideración do IVE como gasto atendible:
 - No caso de estar exento do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE): certificación da AEAT de exención do IVE, ou,
 - Se tendo pagado o IVE, este non é susceptible de recuperación ou compensación algunha por parte da entidade: certificación de situación censual expedido pola AEAT na cal se poña de manifesto que a entidade non realiza declaracións, liquidacións ou autoliquidacións deste imposto acompañado de certificación da AEAT de que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias. Ambas a data de peche da correspondente certificación de gastos. Unha vez pechado o exercicio poderáselle requirir certificación da AEAT que acredite que non presentou a Declaración Anual do Imposto sobre o Valor Engadido.
 11. Cando o importe do gasto atendible supere a contía de 15.000€ + IVE, as tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.
 12. Outros ingresos: certificado de achegas concorrentes, públicas ou privadas, para a organización dos eventos xustificadas, non podendo superar o 100% do seu custo total.
 13. Calquera outra documentación ou material que o beneficiario considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

O Igape abonará a CLUSAGA, segundo corresponda, o 90% dos custos xustificadas.

Procederá a minoración das contribucións cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas ao abeiro do presente convenio non acaden os importes dos gastos xustificables.

CLUSAGA manterá a disposición do Igape ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación in situ, ben por medios propios ou mediante auditor externo. O prazo para a comprobación material de facturas e xustificantes de gasto será de 5 anos desde a finalización do prazo de vixencia deste convenio.

OITAVA.- VIXENCIA

Establécese como prazo de vixencia o comprendido entre a data de sinatura do convenio e o 30 de decembro de 2022. O convenio poderá ser prorrogado, previo acordo das partes, por un período igual ao da vixencia inicial.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O transcurso prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a súa prórroga.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este



requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Se cando concorran calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a súa liquidación.

NOVENA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase una Comisión de Seguimento da execución do convenio, formada por dous representantes do Igape e dous representantes de CLUSAGA, que se reunirá regularmente unha vez cada trimestre en sesións ordinarias e a petición dunha das partes se se desen circunstancias extraordinarias que así o aconsellaran. A citada Comisión estará presidida por un dos representantes do Igape que terá voto de calidade. Asistirá sen voto un técnico para levantar acta das sesións. Asemade, tamén sen voto, poderá asistir ás reunións da Comisión o persoal de apoio aos representantes das entidades que se consideren convenientes.

Esta Comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, tendo que validar o plan de actuacións e autorizar previamente todos os gastos externos xustificables ao abeiro deste convenio (agás os importes inferiores aos 3.000 €, segundo a cláusula cuarta).

O funcionamento da Comisión de Seguimento farase ao abeiro do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, co capítulo I do título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMA.- MODIFICACIÓNS

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A devandita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

UNDÉCIMA.- PUBLICIDADE

De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co previsto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia, o Igape e a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación publicarán no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial o importe da contribución económica ao amparo deste convenio e a entidade destinataria desta; e incluírá igualmente a referida contribución e as sancións que como consecuencia desta puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade, así como a súa cesión por parte do Igape aos órganos competentes da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

CLUSAGA deberá subministrar toda a información necesaria para que o Igape poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da citada lei.



DÉCIMO SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

En virtude do disposto no artigo 26 do Regulamento (UE) 2016/679, xeral de protección de datos (RXPd) e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE nº 294, do 6 de decembro), se calquera das partes accede a datos de carácter persoal contidos en ficheiros titularidade de CLUSAGA, adquiren a condición de encargados do tratamento e comprométense a:

- Non utilizar nin tratar datos de carácter persoal con finalidade distinta á execución deste convenio, non comunicar os datos baixo ningún concepto a terceiras persoas, nin sequera para a súa conservación e, en especial, non reproducir, nin publicar, nin difundir ningunha información acerca dos datos.
- Garantir o cumprimento das medidas de seguridade establecidas, así como a súa correcta implementación.
- Ao termo da relación, por calquera causa, os datos de carácter persoal aos que tivesen tido acceso as restantes partes, deben ser destruídos ou devolverse a CLUSAGA, incluíndo calquera soporte ou documento.

O incumprimento destas obrigas fai responder ás restantes partes das infraccións que cometa coma se ocupase a posición de responsable do tratamento.

O Igape responde fronte a CLUSAGA do cumprimento destas obrigas polas persoas que na súa representación participen de calquera modo na execución deste convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- RESPONSABILIDADE

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais ou entidades que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio e o Igape, de tal xeito que non se poderá esixir a este instituto responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do devandito convenio.

DÉCIMO CUARTA.- AUTORIZACIÓNS

CLUSAGA consente expresamente a inclusión dos datos relevantes e persoais deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia, así como poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados, ante a Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, sito no complexo administrativo de San Lázaro s/n, 15707 Santiago de Compostela, en aplicación do disposto no Decreto 126/2006.

Este consentimento esténdese a autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se aboe o pagamento, ao *Diario Oficial de Galicia* e ás demais cesións previstas na lei.

Tamén comporta a autorización ao Igape para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia. No caso de que se deban presentar estes certificados en fase de emenda, logo de que a consulta polo Igape non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente deberá ser posterior á data de consulta polo Igape, o que se comunicará no requirimento de emenda da documentación.

DÉCIMO QUINTA.- NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten natureza xurídico-administrativa, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, de conformidade con seu artigo 6, e para calquera cuestión litixiosa que se derive do mesmo, será de aplicación a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



As partes comprométense a resolver de común acordo, ante a Comisión de Seguimento, calquera controversia que puidese suscitarse sobre a interpretación ou execución deste Convenio. En caso de conflito as partes acordan o sometemento á orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

DÉCIMO SEXTA.- NORMATIVA APLICABLE

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como na Resolución do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril) pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, en todo o que non contradiga a primeira.

E en proba de conformidade, as partes asinan este documento o 23 de novembro de 2021.

Pola Asociación Clúster Alimentario
de Galicia (CLUSAGA)

Polo Instituto Galego de Promoción
Económica (Igape)

Juan José De la Cerda López

Fernando Guldrís Iglesias



ANEXO I MEMORIA ECONÓMICA

CONVENIO ENTRE A ASOCIACION CLÚSTER DE ALIMENTACIÓN DE GALICIA E O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Para a realización das actuacións obxecto do presente convenio o Igape contribuirá cun máximo de 187.875 € con cargo á partida orzamentaria 06.A1-741A-6400 para os anos 2021 e 2022.

O Igape farase cargo dun máximo dun 90% dos gastos totais das actividades obxecto do convenio, correspondendo o 10% restante á achega de CLUSAGA, segundo os compromisos de cada parte.

Considéranse gastos atendibles aqueles que de xeito indubitado responden á natureza das actividades e fins do convenio. Os gastos clasificaranse do seguinte xeito:

- d) Gastos de contratación de oficina técnica e pagos por traballos realizados. Os gastos asumidos dependerán na súa totalidade da consecución de obxectivos, sendo a remuneración asociada ao número de proxectos desenvolvidos e ao número de empresas galegas implicadas nos mesmos, así como aos entregables presentados.
- e) Gastos de contratación de comunicación e publicidade para o programa Next Generation Galicia Food.
- f) Gastos de xestión equivalentes ao 25% do gasto pagado á oficina técnica cos límites establecidos na seguinte táboa.

Así, dado que o Igape achega ao convenio un 90% dos gastos xustificados cun orzamento máximo de 208.750 €, o resumo das achegas de cada participante ao convenio, en euros, é o seguinte:

Acción	2021	2022	Total	IGAPE	CLUSAGA
1.Vixilancia e Difusión. Observatorio	5.000	10.000	15.000	13.500	1.500
2. Identificación de oportunidades e actuacións de posicionamento e definición de proxectos Elaboración de dosieres técnico-administrativo para potencial tramitación	9.000	18.000	27.000	24.300	2.700
3. Asistencia e soporte na preparación, presentación e tramitación de propostas de proxectos	9.000	96.000	105.000	94.500	10.500
4. Tarefas de Información, comunicación e publicidade relacionadas	5.000	10.000	15.000	13.500	1.500
5. Avaliación dos proxectos financiados e reporte de resultados	0	5.000	5.000	4.500	500
6. Gastos de xestión e Coordinación	7.000	34.750	41.750	37.575	4.175
TOTAL	35.000	173.750	208.750	187.875	20.875



Condições e entregables para acadar os custos máximos:

1. Vixilancia e difusión. Observatorio sobre os programas do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e outras convocatorias nacionais e europeas no período, con identificación do seu interese sectorial e confirmación, no seu caso, de axentes do sector.

- Suxeito á provisión de informes cuatrimestrais de actuacións relacionadas, aceptado pola Comisión de seguimento: 5.000 € por informe aceptado, un previsto no exercicio 2021 e dous no exercicio 2022.

2. Definición de proxectos tractores e singulares compatibles cos diferentes programas e liñas e identificación dos axentes chave implicados que contribúan ao liderado das iniciativas singulares.

- Suxeito á presentación de dosieres técnico administrativos de definición e avaliación de propostas: 1.500€ por cada proposta de proxecto tractor avaliado co correspondente dossier explicativo.

3. Asistencia e apoio ás empresas na preparación e presentación de propostas proxectos de interese, na concorrencia ás correspondentes convocatorias e instrumentos de implementación do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, ou outras convocatorias nacionais ou europeas .- Apoio na tramitación técnica e administrativa das propostas presentadas

- Suxeito a resolución aprobatoria e informe de potencial impacto:
- 4000€/proxecto presentado + 2000€/éxito na concesión de financiamento público + 1000€/empresa galega participante.

4. Tarefas de Información, comunicación e publicidade relacionadas

Suxeito aos reportes de tarefas realizadas aprobados pola Comisión de Seguimento. Neste caso concreto as tarefas de información, comunicación e publicidade realizadas serán valoradas segundo o custo de contratación.

5. Avaliación do programa: seguimento e avaliación.

Suxeito aos informes de avaliación global de impacto dos proxectos, a un máximo de 2.500 € por proxecto.



**ANEXO II
CERTIFICACIÓN DE GASTOS
CONVENIO ENTRE A ASOCIACION CLÚSTER ALIMENTARIO DE GALICIA (CLUSAGA) E O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE)**

		CONVENIO IGAPE-CLUSAGA					TITULAR: CLUSAGA						
		DOCUMENTO XUSTIFICATIVO DO GASTO						DOCUMENTO DE PAGO					
Actuación	CONCEPTO DE GASTO	Nº	DATA	MEDIO / PROVEDOR	Descrición/ Concepto	IMPORTE TOTAL	IMPORTE GASTOS IMPUTABLES AO CONVENIO	TIPO e Nº	DATA	IMPORTE	CONTA CARGO	ENTIDADE FINANCEIRA	
TOTAL ALEGADO								TOTAL PAGADO					

Don/Dona _____ con NIF nº _____, actuando en nome e representación da entidade arriba indicada,

EXPÓN:

Que no período comprendido entre o _____ e o _____ incorreu en gastos que comprenden conceptos e importes atendibles no convenio de referencia por un importe de _____ euros. Os ditos gastos reflíctense fielmente na contabilidade da empresa. Que para a tramitación desta certificación de gastos presenta a documentación requirida no convenio.



DECLARA:

- Que os datos consignados nesta certificación son certos. A falsidade do declarado determinará a imposibilidade de percibir, de ser o caso, os dereitos recoñecidos no procedemento administrativo desde o momento en que se teña constancia da falsidade, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas que procedan.
- Que a seguinte conta bancaria, da ca é titular a entidade de referencia, é a especificamente designada aos efectos de cobramento da contribución do Igape ao obxecto do convenio entre o Instituto Galego de Promoción Económica, a -----

Entidade	Sucursal	D.C.	IBAN

- Que as copias dixitalizadas presentadas no expediente constitúen unha reprodución exacta dos seus orixinais.

E por todo iso,

SOLICITA:

Que lle sexa aboada á entidade arriba indicada o importe de ----- euros, ingresándose na seguinte conta bancaria: -----

-----, ----- de ----- de -----
(Sinatura do/a representante)